



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 25 - MARZO - 07

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@mundo-r.com

Páxina web: www.ovica.org

PRODUCCIÓN.

A produción de queixos de cabra e ovella.

Un novo produtor de queixo de cabra comezou a súa actividade, uníndose ás outras dúas explotacións asociadas a OVICA que viñan dedicándose a esta produción en Galiza.

Ata o de agora os socios de OVICA dedicados á produción de queixo estaban localizados en O Saviñao "CHIVACA" e en Allariz "O REXO".

"Chivaca" é un queixo fresco, elaborado artesanalmente con leite de cabra pasteurizado e graxo. Está elaborado en Currelos no concello lucense de O Saviñao.

"O REXO", elaborado en Allariz, obtido a partir de leite de ovella cru, elabórase de xeito tradicional cun período de curación mínimo de 90 días.



O REXO



QUEIXOS XURÉS



CHIVACA

Fai pouco tempo iniciou a súa andaina unha nova explotación, "Queixos do Xurés", localizada en Riocaldo (Lobios - Ourense).

Este queixo está elaborado con leite das cabras da propia explotación, con leite cru e sal. O que se pretende con esta iniciativa é recuperar parte da nosa tradición culinaria, sendo antigamente o leite de cabra parte da base alimenticia da zona, debido a riqueza da flora e a orografía da paisaxe do Parque Natural do Xurés, que favorecen a adaptación da cabra ó entorno.



José Antonio Dacuña, presentando o Queixo do Xurés, xunto co Vicepresidente da Xunta de Galiza.

OVELLAS COA CIENCIA.

O hospital Juan Canalejo (A Coruña) experimenta con ovelas.

A finalidade destes estudos, que acaban de iniciar os ciruxanos maxilofaciais coruñeses, é mellorar a calidade de vida dos pacientes con cancro de boca.

Proban, con ovelas, se a reconstrución maxilar por estiramento serve para pacientes con radioterapia.

OVICA
caprino e ovino galego

CURIOSIDADES:



Como reconverter unha barreira quitamedos nun práctico comedero.

RAZAS: Ovella Ripollesa



Orixe: Pireneo Oriental - Catalunya.

Características: Perfil fronto-nasal convexo ou subconvexo. Os machos poden pesar entre 65 e 90 kg, as femias entre 40 e 60 kg. Cor branca púen unha pigmentación típica en cabeza e patas estas manchas son chamadas "pigallats"

Producción: Explótanse xeralmente de forma extensiva ou semiextensiva para a produción cárnica, os anos véndense cun peso vivo aproximado de 22 a 24 kg.



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA – VENTA

- Véndense xogo de 10 números metálicos para marcar animais. 982284111.
- Vendese rebaño de ovellas (O Irixo). 988264100 / 617769 330.
- Véndense machos de raza Berrinchón. 982157816/676030978.
- Vendense 10 rolos grandes de herba. (A Estrada) 656985949.
- Véndense ou cédense dereitos de ovino. 679 890 628.
- Véndense 11 ovellas de aptitude cárnica (A Pastoriza) 678 061 300 / 639 431 468
- Cédense 50 dereitos de ovino/cabrún por 1 ano. 665 915 714.
- Búscase can pastor. 982 54 42 45.
- Búscase pastor para a zona de O Barco - Ourense. 660 490 008.

FORMACIÓN:



ORGANIZA:



C
U
R
S
O

D
E

R
A
P
A

DATA: Sábado 31 de marzo e domingo 1 de abril de 2.007.

LUGAR: Allariz, Ourense.

PREZO: 40 € / persoa. Inclúe material do curso, comida e aloxamento.

TELEFONO CONTACTO: 982 284111

COLABORAN:

Escola Silvopastoril de Allariz

Concello de Allariz



ACTIVIDADES.

Asamblea anual OVICA.

O sábado 10 de febreiro celebrouse a asamblea xeral ordinaria de OVICA. No transcurso da mesma deuse conta do traballo desenvolvido durante o ano 2006. Sometéronse as contas á aprobación da asamblea. Aprobáronse as solicitudes de altas e baixas do ano 2.006 e trazáronse as liñas de traballo de cara ó ano 2.007.

Na asamblea participaron preto dun cento de persoas que ó remate da mesma compartiron un xantar.



LEMBRA !!!!!!!

Libros de Explotación.

Os libros de explotación deben de estar postos ó día, refrexando neles as altas e baixas de animais.

É responsabilidade dos/as gandeiros/as que o libro este perfectamente cuberto.

Co novo sistema de identificación será cada vez máis importante ter os libros actualizados.

É bo aproveitar o saneamento para poñer o libro ó día e mantelo periodicamente para evitar desfases entre a información rexistrada no libro e a realidade da explotación.

Solicitud de PAC

O prazo para a presentación da solicitude unificada das axudas da PAC finalizará o venres día 16 de marzo de 2007.

É moi importante revisar a solicitude antes de asinar.

NORMATIVA.

As cabras cobrarán a prima da PAC nos concellos de zona desfavorecida.

Despois das xestións da Consellería do Medio Rural ante o M.A.P.A. os propietarios de explotacións de gando cabrún situadas en concellos catalogados como "zona desfavorecida" poderán solicitar a prima correspondente das axudas da PAC.

Ata o de agora somentes podían solicitar esta axuda as explotacións de cabrún situadas en concellos considerados "zona de montaña". Para cobrar esta axuda os gandeiros/as deberán posuír os correspondentes dereitos.

Transferencia de dereitos de Pago Único.

Os dereitos de Pago Único pódense transferir. Para facer as transferencias existen modelos de transferencia nas oficinas agrarias comarcais.

As transferencias realizaranse coa presenza da persoa que fai a cede/vende/arrenda o dereito e da que o recibe. Este trámite pode realizarse en calquera oficina agraria comarcal.